

MEMORIA HISTÓRICA DE CANGAS 3.3

ENTREVISTA A LOLA RODAL



Museo
do Pobo
Galego



Instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_SaVi_0070_000_en_0_00_00_id522_D

AUDIO DE REFERENCIA: MPG_SaVi_0070_000_en_0_00_00_id522

TIPO DE DOCUMENTO: ENTREVISTA

RESUMO / DESCRICIÓN

Esta ficha recolle a terceira parte dunha entrevista realizada a Lola Rodal Blanco por unha traballadora do Centro de Documentación de Historia Local de Cangas. Nela, Lola relata como viviu os anos de presidio de seu pai e a súa nai, encarcerados tras o golpe de Estado contra o goberno da II República pola súa militancia no sindicalismo mariñeiro e participación no goberno republicano de Cangas. Tamén sinala, con nomes e apelidos, as vítimas e os executores da represión desatada en Cangas a raíz do alzamento militar.

DATOS DA ENTREVISTA

- **DATA DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 11/12/ 1999
- **INFORMANTE:**
Nome: Lola Rodal Blanco
Idade no momento da recollida: 78 anos
Lugar e data de nacemento: Cangas, 03/03/1921
- **RECOLLEDOR:** Centro de Documentación de Historia Local (CDHL). Nome da entrevistadora descoñecido.
- **COMPILADOR:** Iago Santos Castroviejo
- **COLECCIÓN:** SaVi
- **LOCALIZACIÓN ONDE SE FAI A ENTREVISTA:**
Lugar: Cangas
Concello: Cangas
Provincia: Pontevedra
País: Galicia



NOTAS DA TRANSCRICIÓN

Transcritora: traballadora do Centro de Documentación de Historia Local (CDHL).
Nome da persoa descoñecido. Revisión do APOI

A informante posúe un marcado acento da costa pontevedresa e emprega a gheada e o seseo. Tamén son frecuentes os castelanismos e os localismos.

A transcripción fíxose respectando a pronuncia da persoa. Nos casos en que determinadas palabras ou expresións poidan xerar confusión, estas van acompañadas dunha nota a pé de páxina para aclarar o seu significado. Porén, para non entorpecer a lectura con aclaracións constantes, moitas palabras e expresións coloquiais transcribíense tal cual foron ditas e sen ningún tipo de aclaración.

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos pechados por parénteses “(...)” son inintelixibles e non se puideron transcribir. Os parénteses “()” indican expresións xestuais da informante e os corchetes “[]” indican aclaracións da transcritora.

PALABRAS CHAVE

Cangas , Guerra Civil , cárcere , represión , Falanxe , falanxista , Forte de San Cristóbal , Pamplona , correspondencia , sindicalismo , CNT

REVISIÓN DA TRANSCRICIÓN E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

NOTA: Esta entrevista é a terceira parte dunha entrevista completa. A primeira, segunda e cuarta partes pódense atopar nos seguintes rexistros do APOI:

**Memoria Histórica de Cangas 3.1. Entrevista a Lola Rodal
MPG_SaVi_0069_000_en_0_00_00_id521**

**Memoria Histórica de Cangas 3.2 Entrevista a Lola Rodal
MPG_SaVi_0096_000_en_0_00_00_id536**

**Memoria Histórica de Cangas 3.4 Entrevista a Lola Rodal
MPG_SaVi_0071_000_en_0_00_00_id523**

TRANSCRICIÓN

0:0:15

LRB.- (...) En Saturrarán, alá en Motrico¹. Había que levarlle a miña nai algo de comida; había que levarlle tódalas semanas a roupa pa se mudar. Había qu'ir porque se non íbas, ó mellor cheghabas alí e... por mirala, para visitala... Moita xente, de Gholada, de Silleda, de Lalín... xente que viña, porque collían a xente, prendían... e daquela non había coches coma agora... Aquela xente alí! Días de calor... “Familia de fulano de tal!” pa entrar. E cando chegabas arriba: separada seis metros daquela persona por un pasillo, unha tabla por aquí atravesada, un guardia aquí... todos a falar, non oías, non podías... solo por mirala; por mirar a aquela persona e por cambiarlle a roupa e esas cousas. E mandábaslle ó mellor un atún ... unha carta ...

P.- En que ibades hasta alí?

LRB.- A andar! no coche de línea nin tres veces...

P.- Canto tempo lles levaba?

LRB.- Non era como agora; era día máis pronto. No mes de julio, no verán ó mellor ás 5 da mañán xa che alumbraba o día. Entonces íbas tempraniño pra que non che collera o sol dispois. Entoncez íbas alá, e cando viñas... as veces íbamos hasta Marín porque había un trole que te levaba desde Marín a Pontevedra. Pero ese iba cargado e tiñas que chegar a aquela hora á visita, sin comer.

P.- E dispois cando marchaba para o outro lado, como íbas tamén? Cando marchara pa...

LRB.- Xa non íbamos. Porque papá dispois, tamén o levaron. E no Lazareto... naquel areceiro de Redondela, que fríos temos pasado; porque tiñas que ir nunha lanchiña, nun botiño, nun bote. Paghabas e levábate un home hasta alí. Por miralos, porque alí non lle daban máis ca ¡aghua! E catro gharbanzos cheos de bichos... a xente que non lle mandaban nada de fora, morría da fame ¡morrián! Íbamos dúas veces á semana: os martes e os sábados. Dúas veces ¿e sabes como íbamos? Íbamos a andar hasta Moaña, hasta o Con, collías un motor e levábanos hasta Redondela. Ó chegar alá desembarcabas no areceiro, inda andabas un trozo ghrande pa chegar alí, e dispois había un bote – un botero - e levábanos alí. E dispois viñas pa'ca viña outra vez e así; o motor xa non... se esperaba porque esperaba, se non esperaba pois tiñamos que vir no tren hasta Vigo e despois vir pa casa. E así sempre. E sin ter quen... (...) e dispois de estar papá case ou dous anos aí levárono pa Pamplona. E cando mandou recado por unha de Cangas que foi a visitar (...); nós soliñas. Soliñas...meu irmán xa o mataran...e nós solas

P.- Vostede e a súa irmán², ¿como se chama?

LRB.- Pilar. ... E cando fomos “dille que veñan a despedirse de min, que vamos a parar en Redondela a coller outros presos, dille que a tal hora que estean alí”. Efectivamente, fomos e había (...) fedorentos, todos sucios, todos... da guerra. E cando (...) **Córtase brevemente**

Entrei no tren. E cando miro ó meu pai preso (chora). Estaban os presos así alineados, así (...) e presos uns a outros...

¹ Mutriku

² Na entrevista aparece con frecuencia “irmán” facendo referencia ao feminino “irmá”.



P.- Iban a trasladalos a Pamplona.

LRB.- A Pamplona. Unha lucha del demonio... en todas cantas estacións pararon viñan os falangistas a querer parar os trens; e iso que iban custodiados, porque de estación en estación collían a diferentes personas – os guardia civiles, os falangistas, os requetés ou o que foran - e cada un tiña que responder, porque salir saliron e había que entreghalos. Entonces un - non sei en que sitio foi; Venta de Baños ou algo asi - uns falangistas metéronse no tren con paus, a querer matalos, entonces tuvo que disparar ó aire o que os levaba, se non matábannos alí.

E dispois metérono alí nun fuerte, en San Cristóbal, nun monte que hai en Pamplona cerca da fronteira francesa; metéronos alí e inda botou tres anos e medio. Cheíño de fames, cheíños de... aínda que nos mandábamoslle, dicía meu pai: “o que non ten quen lle mande nada de fóra, morre”. Xente xoven, que chegou alí, que lle arruinaron as casas, que lle mataran os pais, irmáns, e quedaron solos... xente intelectual; había os mellores avogados, os mellores médicos, os mellores... Roubáronlles todo o capital e metéronos alí, non tiñan; morrían!... xente que nunca pasou fame, que nunca pasou nada, cheghaban a comer as mondas das patatas cocidas, as mondas dos... quen comía un plátano, quen comía nada?

0:06:04

P.- Era fácil mandarlles cousas?

LRB.- Si. Nós, a miña familia, como tiña forno, e os meus primos da que os soltaron seguiron igual andando de patróns e pescaban- porque os de Blanco pescaban; meu primo tamén - ; e claro, sempre nos daban. Entonces íbamos p’o forno de miña prima, miña irmán e mais eu. E matábamos cerdo, entonces quedábamos e facíamos chourizo. Eses meus primos andaban ó bonito, e traíannos catro ou cinco bonitos, e xa por unha confianza que tiñan na fábrica de Massó, preparábanos coma se foran; por eghemplo, botaban 7.000, 20.000, 30.000 quilos de bonito; pois 20 quilos ou 30 mais, e eles pois... había unha fulana que era cuñada do que mataron, do Antonio ese, e xa facía latas, latóns grandes en aceite. Bonito, ou sardiñas... entonces mandábamosllo dentro dun caixón ben empacado, e tiñamos que ir a Renfe a levalo. Iamos a Renfe a Vigo e facturalo.

P.- E facilitáronlles desde un principio a dirección de a onde mandaban a seu pai e a todos?

LRB.- Si. A nós xa nos escribiu... A Guardia Civil en tarjeta, nada de sobres. E si era un sobre: “Viva Franco, viva España, viva a de Cristo Rei, viva de todo...” tiñas que encher aquel sobre de todo; como miraran unha carta que non levaba muita retórica xa cha rompían. Tiñas que encher o sobre de todo: “Viva Franco, viva el 18 de julio, viva Cristo Rei, viva la Iglesia... todo, todo, todo. Aparte da dirección, o resto tiñas que enchelo así todo. E claro, meu pai, xa dispois me dicía el: “ai miña filla, co que me mandábadades... “Alí había un economato, e tamén lle podías ghirar, por eghemplo: daquela cinco duros, ou o que pudesas, ou dous duros ou o que fora... E no economato compraban.

0:08:07

P.- E chegábanlle os cartos? Non quedaban polo camiño?

LRB.- Si, chegábanlle. Bueno, a algún tenlle quedado porque a miña nai - que tamén miña nai estaba moi delicadiña -, téñolle mandado 50 veces tarros de leite condensada - que os teño ido buscar a Marín á Escuela Naval por mediación dun chaval que estaba alí de



Cangas, que tiña... así medio ghefito, que tiña no economato e dábamas - e cantas veces e claro: eu facía paquetes en Cangas no Correo, pero había uns bandidos...e despois díxome un: “non poñas faghas nada en Cangas porque xa non salen daqui; cóbranche os sellos e xa non sale de aquí o paquete, xa cho abren aquí”. E tiña que ir a Vigo, na Alameda, e alí facer os paquetes e mandalos.

E como me dicía papá: “Cando me cheghaba un caixón, miña filla, eu non sei se había de chorar de alegría ou se había chorar de pena. Porque claro, abría o caixón... (chora) e todos me preguntaban, todos, cheos de fame, ó redor de min e dicíanme eles: `Señor Rodal, su familia debe ser rica, no?’ Eu, co`aquela comida que me mandábades podía comer anque fora un mes. Pero ¿como iba comer eu e non darlle a aquelas personas?” Mandábamoslle eses latóns; mandáballe por eghemplo... daquela a carne iba barata...unha blaquita ou unha folladura envolvíamos en sal e metíamola no forno, e despois de tela cuberta así de sal, quítábala e quedaba coma o...

P.- Quedaba conservada?

LRB.- Conservaba e despois facía bocadillos; latas de conserva, chourizos... todo o que lle podías mandar eles cho aceptaban. E despois mandámoslle cartos, e no economato había moita fruta, que foi a que salvou a meu pai, que meu pai estuvio sete meses e medio na cama metido dunha neumonía que colleu e estaba (...) vela muerte, miras arredor dun na enfermería morreu un, , morreu outro... E unha noite empezou a botar sangue pola boca e quedou sen valor e da que chegou o enfermero, miroulle así os ollos e dixou: “este ya la `diñó`, ya la `diñó””. Pero despois meu pai deu así ah como un suspiro e... “Señor Rodal! Señor Rodal!”, e di meu pai: “mira, mira o que teño aí, mira o que teño”; un montón de sangue, oscuro... Botou a pulmonía pola boca en coághulos de sangue!

P.- (...)?

LRB.- Claro. “Al fin se salvou usted e tal”. E dalí, tan debiliño quedou... viñan a traerlle a comida nunhas pailas así ghrandes, cheas de moscas todas mortas por encima, e dábanche tres ou catro garbanzos cun pouco de agua. Un litro de aceite pa non sei cantas miles de racións. O que tiña fame comía, porque... eu dábame pena. Había alí un preso que estaba alí con... era común, non era político, pero era boa persona: “Le voy, señor Rodal, le voy al economato...”. Mira, matou tantos ratos! Alá lle fixo a muller do que mataron - a muller de Antonio que era ese chaval, era o meu primo - ; fíxolle un salabardo, sabes ? unha bolsa de rede e meu pai pois tiña así un pau e colghaba alí. E cando recibía cartos, mandaba a ese muchacho: “Señor Rodal, hoy llegó mucha fruta de...” - non me acordo... da provincia de Cáceres ou de... mira: sandías, melones, peras... pois meu pai foi co que se sostuvo. Porque cando botou iso no tenía ganas de comer de nada, de nada... E dábanlle un pouco de leite pero... o leite xa era agua, pero... viñan as monxas e dicían “Dios mío, cómo vamos a hacer? tantos enfermos y con tan poca leche... y esa agua!” E meu pai dicíalles “ pues mira, delle a ese chaval o meu leite”. E el pois comía... sandía, ten comido unha sandía de 5 quilos – que lle encantaba a sandía -. De todo! Era o que comía; fruta fría, pero claro cando fraguaron o asunto da fuga... tamén estaba tanta xente alí metida... fíghate como podía ser: nas celdas onde estaban, tiñan unha luz, e cando se levantaban e movían os xergóns non se miraba a luz do polvo que se levantaba alí. E había xente enferma, e había xente que sabía o dano que era estar alí dentro; médicos, xente intelectual e xente de todo e así. Tiñan un patio tan grande como a Alameda de Cangas, dicía papá. Un patio e alí dicían misa e o que podía, abaixo a oír a misa. Estaba todo rodeado de garitas cos sentinelas, pa que non... un muro altísimo... estaban os sentinelas cos fusiles, e alí dicían misa tódolos días, e arengas. E



a maltratalos, e a aquelalos, e a dicirlle mil porquerías... “hijos de la Pasionaria, rojos, incendiarios, desgraciados”. Os curas mesmo. Os curas estaban na misa coa pistola aquí. Os requetés e os curas que eran requetés (que eran curas e eran requetés) coa pistola aquí. Eles dicindo misa e maltratándoios e eles tiñan que calar todo. E dispois fraguaron a fuga³, de fugarse. E meu pai, todos se largaron e meu pai non pudo botar da cama abaixo; porque non podía andar, non sabía andar; botouse da cama abaixo e xa caiu, non pudo. E (...) da calle - os que puideron salir; os que non puideron.... - e dispois; había dous - un inda vive, terá agora 90 anos - o Pitorro, de Bueu... Manolo Pitorro de Bueu, e mais outro, o Ferrolán, chamábase Ferrolán de apelido: eses, que lle querían moito a meu pai pois viñan tódolos días abaixo. Non podían, pero eles... camuflábanse e baixaban unhas escaleiras... porque era nun sótano a enfermería; porque o fuerte era todo nun monte, llano, e dispois abaixo estaban as celdas - era un fuerte que disque o fixo un santo, San Ignacio de Loyola, para defender o territorio dos invasores de nonseiqué - si... en Pamplona, e...

P.- Si, estábame contando que iban visitar o seu pai ese de Bueu.

LRB.- Ese de Bueu e pa enseñalo a andar. Collíano así entre os dous e pouquiño a pouco, pouquiño a pouco... E dispois deso inda botou dous anos. Eso foi ao ano e medio e inda botou dous anos alí. E cando llo botaron fora...

P.- En que ano foi?

LRB.- Foi dispois da guerra... Terminouse no 39 a guerra, pois sería alá a mediados... a últimos dos 40... claro, porque , que iban a facer con tanta xente? Que iban a facer esta xente con tantos presos, que iban a facer? Fixeron en cada pueblo...

P.- Non os soltaron así que rematou a guerra?

LRB.- Que va! De aquí non saíu nadie, pero a meu pai... que facían? Tiñan que revisar os expedientes, tiñan que facer... Era un jaleo! E puxeron en cada pueblo non sei cantos xuzghados, así improvisados para... E xuzghaban á xente e preguntaban por xente que había unha chea de anos que estaba morta, que os habían matado; estaban apuntados como vivos e estaban mortos. Entonces claro, tiveron que botar man de xente intelectual, e facer unhas oficinas e levaron...E foron botando...E papá dixo: “mira, van a ir uns de Domaio, un tal (...); vades alá teu irmán e mais ti, vades alá e...” - todo o mundo tiña medo daquela, diosmío – “vades alá e cando entredes... el xa está na casa hai case un mes. Cando entredes... é unha taberna que hai alí en tal sitio” - Domaio eran catro casañas, non era nada, era unha aldeíña de nada – ; dixo “hai unha casa de [cabo mar], hai unha taberniña alí, vos entrades e...” ¿que consigna nos diu? Entramos, estaba unha muller na taberna... “Vimos a ver...”; “Aquí non vive, aquí non hai tal cousa. Que queredes?”. E díxenlle eu – había pouco que chegara o marido – “No, aquí no...”. Entón o home arredou unha cortina e dixo: “Si, si. Pasar, pasar...estes son os fillos de...”

P.- Esa era a contraseña que tiña que dicirlles usté?

LRB.- Eso era pa dicir como fixo el para... porque dispois iles tiñan a liberdade, pero nos pueblos non... foi unha cousa tan mal feita, tan embrollada... que dispois nos pueblos había que ir ó cura, había que ir ó jefe de Falange, había que ir ó cuartel; a que che deran “boa conducta” pa que puidera esa persona volver p’o pueblo. Había un cura, chamábase don... non me acorda, chamábanlle “o cura republicano”...

³ Refírese á coñecida como fuga do Fuerte de San Cristóbal, producida o 22 de maio de 1938.

P.- De donde era?

LRB.- No, el no-era de aquí. Era capellán en Cangas. Chegou un día e díxome: “mira, mira” – porque el (...) nunha casa paraba alí – “mira, ya estás enterada no? de que van a echar los presos a la calle. Pero mira... e tumba e dalle, tu tienes que hacer así y así y así”. Pero papá non sabía que eu sabía todo iso. Entón, pa sacar da cárcel a un fulano... El orientoume onde tiña que ir; ese cura falou co cura de Cangas, que era un cabrón, ese capellán...

P.- Quen era o cura de Cangas?

LRB.- Era don José Sanmartín. Que era de Redondela. Ese cabrón foi malo como unha chispa. Diu máis malos informes p’o frente sin conocer a ningún mariñeiro, sin conocer a nadie; todos malos informes, todo: “este es un rojo, el otro es un rojo...” todos eran rojos pa el... E dispois fun ao cuartel. Bueno, alá díronmo. Meu pai viu: viu parar á estación e tal. Ah! Mamá non salía. Pasa un mes, pasa outro, pasa outro... ano e pico máis tarde. Non había manera. Viñan as cousas aquí, e aquí non daban noticia de que viñan nin de nada. Cando nos enteramos, dixo: “si salgho teño que ir a de 200 quilómetros desviada de Galicia”. Que non podía estar en Cangas.

P.- Era a orden que lle puxeron.

LRB.- Era a orden que lle puxeron. Dispois alá tal...

P.- Dispois arreglaron?

LRB.- Si, dispois déronlle a boa conducta e xa viu p’aquí

0:20:00

P.- Tiñan que ir buscar a xente dos deles.

LRB.- Claro! Había que humillarse a eles. Anqu’alghún aínda non estaban conformes, outros foron cedendo. E hoxe, como digho eu diosmío, hoxe unha rapaza de 15 anos desenvólvese. Cada ves que penso que estuven 4 anos sen mirar a miña nai, e 3 anos e medio sen mirar a meu pai. Eu non tiña 20 duros pa ir nun tren a visitala. Hoxe unha nai ten un fillo en Alemania, en Francia, pois ¡Bah! Pero daquela, pasar os anos e non ter cartos nin pa ir a visitalo nin pa ir a nada; nin pa levarlle.... porque pasaron frío, pasaron fame, pasaron de todo.

P.- E seu irmán, estaba en algún sindicato tamén ou algo?

LRB.- Meu irmán o pequeno?

P.- Si pertencería ás xuventudes unificadas, que era onde estabas os socialistas.

LRB.- O outro meu irmán e máis el pertencían ás Juventudes. Pero quizás o máis decidido pa eso era o maior. Este era máis - o que mataron – pacible⁴; el aínda non tiña 18 anos cando llo prenderon. Cando llo mataron non tiña 18 anos .

P.- Estaba menos metido quizais...

⁴ Apracible

LRB.- Non! Era... Si, igual, porque na nosa casa meu pai...todo, porque pasaban moitas cousas, e p'as huelgas, e por outubro⁵ pero...era moi pacible. O outro xa era máis xeniudo – botado p'a diante non – ; con máis xenio, máis impulsivo...este era máis...nunca...porque eu agora doume cuenta da maneira de ser que eran; o meu irmán, o que está alá en Francia agora – aínda fun hai dous anos - era máis decidido, máis valiente. Este non. Este era un (...). Este tiña 14 ou 15 anos, estivo máis maliño que botou sangue pola boca unha vez que fixo un esforzo ao remar nunha gamela aquí na praia aquí; andaban a remar era un día de vento, estaba así delicado dunha gripe que tivera e chegou a casa e botou sangue pola boca. Miña nai levantouse “ai diosmío”... daquela a tuberculose era unha cousa horrorosa; onde entraba... Papá estaba na Coruña, andaban á palometa na Coruña, máis ao ollomol. E claro, xa foi a don José, o médico e dixo (...) e mandárono a Santiago, e miña nai non tiña cartos entón un tío meu, o pai dese que mataron (...) 50 pesetas, acórdome daquela. E levouno a Gil Casares a Santiago porque... (chora) morrían moitos chavales... e don Jose dicía “mira”, era un inverno malísimo, de moito frío, e dixo don José: “hai que metelo en cama. Yo...algo en el pulmón hay. Mételo en cama, lo alimentas un poco”, era un rapaz tan mal comedeiro! Non quería máis que... o pescado non lle ghustaba. Sardiñas e bacalao era o que comía, o resto tiña que (...). E levámolo a Santiago e efectivamente: co esforzo que fixo reventou a pleura e foi o motivo que... despois púxose ben porque meu irmán... Non había persona que non fora a visitalo na cárcel: “este chico no es marinero, ¡que vá!” unhas mans finas... Era guapo! Era guapo meu irmán, aí, que guapo era! Un tipazo para ter 18 anos, tiña un tipazo, era feitiño, era guapísimo meu irmán! E miña nai a pobre, cando se enterou na cárcel... porque eu iba alí e andaba de luto – antes sabes que te poñían de luto aínda que fora por unha abuela - ; eu andaba de luto, pero eu a Pontevedra quitaba o luto e poñía un vestido de claro. Pero un día chegho e estaba unha compañeira e dime: “mira, mamá non se levantó, está mal” “mal como?”, “Está en cama desde hace unos días” “Ai diosmío...No te preocupes que no es nada”, “ Está mal...”

E claro. A pena, porque un preso, un preso que era de Cangas, prendérono por estraperlo de tabaco, e estando na misa, que facían nun patio por dentro da cárcel, e iban mulleres e homes, entón mirou a miña nai e miña nai faloulle... miña nai xa desconfiaba, “pero como non ven Ángel a visitarme?”, “Mamá, mira, andaba o mar...”, “pero muller...” e xa empezou a desconfiar... e as compañeiras dela sabían. E cando lle dixo ó final “si, claro... lo prendieron con los primos todos y luego a el lo mataron”. Miña nai claro, maliña, maliña...

0:25:18

P.- E quen foi ese de Cangas, ese home, ó que colleran por contrabando?

LRB.- Si, era un home solteiro, que inda era familia dos Nores, pariente dos pais dos Nores. Chamábanlle “O Bolchevique” porque estivera en Rusia, e puxéranlle “Bolchevique” cando viu.

P.- E o nome del?

LRB.- Benigno. Pero o apelido non sei. Chamábase Benigno. Claro, miña nai estaba xa escamada... decíalle (...) Ah! Pero non a deixaban estar na cama; había que (...) ou na enfermería ou... Ela na enfermería non quería estar, porque as compañeiras que a querían moito; había unhas señoras de Pontevedra, tres hermanas presas que eran calceteras e tiñan

⁵ Refírese á revolución de outubro de 1934



un comercio de muebles e de eso, fillas de Pontevedra, unhas señoras moi buenas - unha era maestra - ; estaban presas e atendíana e como tiñan casa alá en Pontevedra pois mandábanlle un (...) calquera... e había que levantala... “Pero aí no puede...pero que le pasa?”, “Está mala”, “Como que está mala?!”. E viu o médico... había unha compañeira que tiña moita fartura de reghla. Oye: todos paños, todos... “Mira p’ aquí esta mujer, que tiene casi 50 años, mira...” Miña nai hasta a anemia completamente... alá botou uns días na cama, xa se repuso e pobre... e dispois in da foi por aí adiante, sen mirarnos... Dicíame mamá: cando foi que caeu Asturias, e tiveron toda a xente; nais, país e todos pa’ lí pa Saturrarán – que queda no Norte - e claro, ao entra aquí: “Ay diosmío, lo que hicieron en Asturias! A mi hija me la violaron delante de mi los moros, porque por aquí, porque por allá... Entraron en casa, una noche...”, e outra: “Ay, a mi hermano⁶ le cortaron los dedos de los... después me lo mataron en tal sitio”. Miña nai, que non tiña carta miña, cando lle pertencía; porque a fatalidá é que había unhas cabronas dunhas monxas que por a menor insignificancia que fixeras que a elas non lles aghradara, xa non che daban a correspondencia. E ti ... “diosmío ¿como mi hija no me escribe?”. E tiña as cartas alá, pa facerte sufrir. Entoncec xa colleron ás presas, porque elas non zafaban; xa colleron ás presas – que había maestras; había unha tal (...) que teño aí biografía dela eu, que lle mataran o home tamén, e queríalle moito a miña nai - . E cando (...) xa lle viña: “Señora Dolores! Ten carta da súa filla”. E miña nai dicía “diosmío, que lle farán?” Porque matándolle un fillo, facéndolle o que lle fixeron a ela... Que lle farán a estas fillas..? (...) tiña o pesar moitas veces de que non lle escribira... Eu non son moi amiga de escribir; sempre fun enemiga de escribir. Ás veces escribía... porque eu quería mandarlle moitas cousas e facía así un borrador ghrande e (...) escribir. Doume cuenta agora o daño ghrande que lle foron facer a miña nai. E teño pesar porque o día que non recibía carta nosa, pa miña nai xa (...); porque oía aquelas cousas e...

P.- E cando volveu a su nai que ano sería?

LRB.- No 41, xa avanzado bastante o 41.

P.- A partir de entón puideron topar traballo facilmente?

LRB.- Meu pai no. Meu pai cando viu non lle deixaron ir a traballar, que estaba todo o santo día... e non deron orde de arriba! Era orde de aquí, do local, eh! Nin de Pontevedra siquiera. Era orde de aquí. Queríannos liquidar a calquera prazo... non podíamos andar tres xuntos; nin andar dous solos paseando, tres xa eran multitud. Tres non podían...dous. E se sabían que eran da mesma familia (...) menos. E tiñas que presentarte cada oito días. E iban ó mar e na Ayudantía n’os enrolaban. Pasou un mes... un ano de ghanancia (...) viña tódolos días carghada de sardiña. E eles na casa sin nada, sin nada! [breve interrupción]

0:29:47

nos pueblos cada un cumplía a súa condena. N’os deixaban traballar. N’os deixaban! (...).

P.- E como fixeron?

LRB.- Xuntáronse uns cuantos e foron a Pontevedra ó gobernador. E deulles audiencia o gobernador. E o gobernador non sabía nada. Mandoulles facer un papel pa que entregaran ó cura, ó cuartel e mais ó xuzgado “tienen ustedes que ir a la Ayudantía a...”. Efectivamente: (...).

⁶ En adiante hermano = irmán



P.- E canto tempo durou iso?

LRB.- Non sei canto, pero... botou aquel verano todo. Meu pai viu en maio... aquel verano todo de sardiña botaron todos sin traballar. Un tío meu que estaba casado en Darbo, tamén; non estivo preso pero...

P.- Quen era?

LRB.- Hermano de meu pai que se chamaba Ángel. Ángel Rodal Lanzós. Ese n'ó prenderon - n'ó prenderon polo cura de Darbo, que lle quería moito e n'ó prenderon - pero tamén tuvo que andar. N'ó deixaban ir a traballar, que andaba a pedir nos barcos que (...). Tivo que andar a pedir. A ese non lle pasou nada.

0:30:58

P.- Mire, houbo máis mulleres ás que lle pasaran cousas similares ao da súa nai?

LRB. Si. Bueno, de matar e iso non. [interrupción]

0:31:18

Dolores... non me acorda, que era coxa ela... cortáronlle o pelo; facíanas barrer o relleno co pelo todo rapado, co pañuelo a cabeza e cunha escoba de aquelas escobas de xamalgueira (sic) a barrer o relleno e as falangistas a cantarlle cantares da Falange. E unha velliña, que era da calle San José - nese patio vello que hai aí - cortáronlle o pelo - xa era unha muller de 60 ou 60 e tantos daquela -; cortáronlle o pelo e deixáronlle unha perrera (sic) aquí e tiña que estar todo o día sentada no patio para que todo o mundo a mirara. A varias cortáronlle o pelo.

P.- E esa, como se chamaba?

LRB.- Era das Chirighotas, pero non sei o nome nin sei nada. A (...) tamén que foi o que mataron aí no cementerio tamén llo levaron, que estaba escondido na casa.

P.- Como se chamaba?

LRB.- Evaristo... vivía pola panadería esta por aí, por esas casas que hai aí, e andaba escapado e os falangistas todos a... e un día - escondíase nun sótano que había debaixo - e canto despois marcharon os falangistas dícelle a nai: “vente, vente pa cama que xa marcharon”. Un que estaba na porta oíndo- que quedou alí porque que xa desconfiaba - xa o levou, e ela a gritos atrás del, “onde mo levades? onde mo levades? “... xa mataran ós 11, xa había tempo... “onde mo levades?” Ela polo cementerio pa arriba “ai diosmío, ai diosmío, para onde mo levas?” Era un de Cangas, se chamaba Alejandro Rodal, un cabrón.

0:33:03

P.- Alejandro Rodal, foi o que matou o outro?

LRB.- Si. Ese foi o que de Cangas e quen o levou do cementerio pa riba, e levouno todo pola calle do cementerio p'arriba, pasou a porta do cementerio e ó chegar a un Cristo que hai alí, - antes o crucifigo estaba pa este lado - ; era todo unha oscuridad, e alí pegoulle catro tiros... e a nai a ghritos “ai diosmío, Alejandro por Dios, Alejandro por Dios non o mates” “Aquí no-hai mais dios ca eu”.Pegoulle un tiro a 10 metros da nai

P.- Ese Alejandro Rodal, que era?

LRB.- Era falangista, entonces? para que tiñan o fusil e a pistola os falangistas?

P.- Pero, eran eles os que executaban ás vítimas?

LRB.- Claaroo!

P.- Non chamaban a alguén de fóra para que non se soubera que eran eles?

LRB.- Ó mellor eles iban a outros lados inda. Os de Cangas ian matar a Vilagarcía, a Vigo e a tódolos sitios.

P.- Osea que entre os veciños sabíase quen disparaba e todo.

LRB.- Claro! Ese xa foi un. Todos cantos escapados andaban en Cangas, andaba buscando de noite pa matalos. Foi un bandido. Con todo tívose que ir a Vigo a vivir porque, esa muller, da que lle mataron ó fillo, esperaba tódolos días; el estaba en Correos empleado e iban a maltratalo sempre á porta de Correos, e sempre: “mátame a min! mátame a min cabrón desghraciado, mátame a min!” E téñena chamado ó cuartel, pero ela tiña as súas cousas: que mentras que ela vivira n’o podía mirar diante dela. E ao final marchou (...) a chillidos (...) morrendo o cabrón. E o pai un santo de Dios e a unha irmán cortáronlle o pelo e estuvo presa.

P.- Unha irmán del?

LRB.- Unha irmán del

P.- Por que? Porque era socialista?

LRB.- Era. Ela estaba asociada nas conserveras de Massó, era unha [viaria]. Hai pouco que morreu. Estuvo presa ela e mai-lo pai, despois o soltaron – o seu pai era amigho do meu pai- . O pai era unha bella persona e el era un desghraciado, un bandido. E con miña nai levábase de antes da guerra, que el era carteiro, e con miña nai era unha confianza tremenda, porque meu pai era amigho do pai e... e dispois un bandido. Un bandido. En Cangas houbo xente moi mala, muller. Porque éramos todos unha familia. Éramos todos unha familia Cangas antes.

0:35:40

P.- Que outros eran coñecidos entre os principais falangistas?

LRB.- Os Moldes son os principais. Eran “nove irmáns nove héroes”. Nove irmáns: Marcelino, Ángel, Manolo, Guillermo, Alfonso, Remigio... o outro quen era? E tiñan outra hermana. Pero eran nove irmáns: “nueve hijos nueve héroes”. No Faro⁷ viñeron as nove fotografías e a nai no medio. O maior, Marcelino, foi durante tres meses jefe regional de Falange. Matou xente en Ferrol! No 36. Xa era feo (...) eu cada vez que penso... daba asco...as mulleres tamén, mira: blusa azul, falda azul... falda negra, blusa azul marino e un escudo co yugo e as flechas, un ghorrito e andábanche así.

P.- Cal foi o segundo apelido dos Moldes?

LRB.- Moldes Rodal. Inda son parientes non polos nosos rodais; polos rodais da nai dos meus primos, do que mataron. A nai do que mataron era prima carnal coa nai dos Moldes.

⁷ Faro de Vigo



P.- Como se chamaba a nai?

LRB.- A nai do rapaz? Dolores non sei que Rodal.

P.- Ese Marcelino foi jefe regional.

LRB.- E dispois quedou aquí. El era o que mandaba. El dispois, cando meus pais estaban presos... Porque eu conforme tiña 15 anos (...) hoxe unha rapaza de 15 anos dalle a volta o mundo. Dalle volta ó mundo unha rapaza de 15 anos. Antes non éramos, non tiñamos os conhecimentos que hai hoxe na xente. Era xente mui... non sei... E eu cando meus pais estaban presos - xa mataran ó meu irmán, o meu pai estaba preso - ese home vivía no muelle, alá xunt'a ghasolinera, ese Marcelino que casouse cunha muller que era rica... e os fillos uns santos todos salíronlle... Aínda hai pouco lle morreu un que foi novio da filla, ¿ti conoces ó Pelotitas, o do hotel aí? Unha filla que lle morreu a dona Ana. E il veña deses; tiña unha finca en Longán, arriba da fábrica que era de Chischís, pero de arriba ...ahora repartiron a finca. E tódolos días pasaba, - tiña perro alá e iba darlle de comer ó perro - E claro, eu pasaba - ibá á praia ou viña - ; eu mirar a ese home fora a hora que fora, me mataba. Chegaba a casa temblando. Porque eu sei que ese home, mais o hermano - chamábase Alfredo, estaba Caraancha, que estaba en... tes oído o bar Capri en Balea, que da de comidas? Bueno, pois unha filla o... pai desa. Caraancha tiñan un barco non sabes aquel edificio que hai... na de Gandón... aquel edificio que hai enfrente. Aquela casa non era así. Que era deles. Pois criados nos chanchos. Tiñan barco no mar e aquela casa era unha porquería. Nin foron a escola nin (...)

0:39:53

P.- Que iba contar do irmán entón?

LRB.- Dese; e sin embargo un dos mais novos, o tal Guillermo, foi o que foi dicir da miña nai que era unha boa muller, que ten traballado na casa dos pais e que era unha boa muller, que un hermano de Guillermo que nunca tuvo nada con ela e tal. Estas cousas así. Porque ese tal Caraancha cando dispois de terminar e antes dese movimiento⁸, pois era o amo en Cangas. Destas falangistas xovenciñas. Eu tiña unha prima - filla dun tío meu que xa morreu tamén - que andaba tamén de falangista, e eu entón quiteille as falas completamente. Un día mamá estaba na regha⁹, mirando pa fora - porque por alí pasaba a línea¹⁰ - e cando desemban moitos de Cangas, e cando mira a miña prima co corraje - era requeté, no-era falangista -. Entonces un día chéghmae aquí a esta casa e dime: “mira...” Porque Alfredo era un burro, animal, pero tiña todas; como eran os amos de Cangas tiña a todas, tiña como unha sociedade e tódalas chavalas falangistas facían excursións, facían tendas de campaña... E cando había unha toma todas andaban por aí de ghamberras. Entón ven un día e dime: “Mira, te quiero decir que... díxome o señor Alfredo que vaias alí a falar con el, que ó mellor sóltache a túa nai, que ó mellor sóltache a túa nai”. E dixen eu: “ aí, se esta está...”, e dígholle: “ai non vou” “e por que? Vai a falar con el”, dixen “eu non vou”. Chegha outro día e dime: “pois tes que ir, que me dixo el que ten moi boas amizades e que che pode soltar a túa nai”. Ese fulano botábame moito ollo a min, moito ollo botábame. Antes xa do movimiento - porque paraba moito no muelle que tiña familia no muelle -. E díxenllo a uns familiares meus - que tiñan unha tienda aí -, díxome ela: “Cuidadiño se vas,

⁸ Refírese ao golpe de Estado contra a II República Española no ano 1936

⁹ Reixa da ventá

¹⁰ Autobús de línea

eh. Non tes nada que dar (...), que a túa nai nin el nin nadie a pode soltar, que está condenada (...). E un día non pasei por el e non sei de me dixo así unha cousa... como eu non sei. Ah! Pero cando pasou todo esto, unha criada que tiñan na casa, e cando volveu miña nai, e cando as cousas se foron calmando, e il dispois foi para a aldea Balea a vivir, e disque tuvo unha enfermédá que andaba así, andaba así todo o tempo, non podía mover a cabeza; esa muller que era a criada deles, que lle criou os fillos que... dille á miña nai – andaban a contar cousas - e dille: “Ai señora Doñores... desde logo foron uns bribóns, ai diosmío, este Alfredo foi un bribón, matou a Manolito. Matouno el mesmo a Manolito, que reunía ás mulleres pa sindicalas, que era fillo dun médico.

0:43:33

P.- Manolito Piñeiro?

LRM.- Manolito Piñeiro. Pois a ese collérono - que andaba escapado – collérono, truérono... e foi el quen o matou

P.- E onde o mataron?

LRB.- A Manolito? Matárono aí cerca de Marín, cerca do cemiterio de Marín, “a ese mátollo eu” e matouno el na carretera de Marín. Valían máis os ollos de Manolito ca todo el xunto, porque era guapísimo. Era unha beleza dun home: tiña uns ollos azules, unhas cejas rubias... unha cara máis bonita!

P.- E ademais deses, dos Montes, quen outros...

LRB.- Vouche contar: entonces a fulana esa contando así: “voulle contar unha cousa, voulle contar unha cousa..aidiosmío, cantas penas... Mire, voulle dicir” - inda vivía e...- “Mire, o Alfredo tiña moita ghana do corpo da súa filla, tiña moita gaña do corpo da súa filla... xa empezaba a falar dela, ¿e sabe o que dixo un día señora Dolores? Que o ghusto del era de violarme e dispois traerme espichada no machete do fusil”. E dicía eu: mira por iso me insistía... el enhanaríame que vou soltar a túa nai ou tal e tumba... primeiro violaba, e dispois traela clavada... espichada na baioneta do fusil. Fíghate ti.

P.- Iso dixéronlle a sua nai? Cando llo dixo?

LRB.- Cando xa viñera, ela xa andaba traballando aquí. Xa nós eramos unhas pollas¹¹, eu xa tiña daquela 20 anos, 18 anos ou 19. Cando volveu miña nai eu xa tiña 19 anos...; cerca de 20 xa tiñamos. E estuvemos aquel tempo coa miña prima no forno, estuvemos alí miña irmán e máis eu.

P.- A ningunha das mulleres de Cangas lle pasou coma a sua nai.

LRB.- A nadie, a nadie. A ningunha, no. Presas no. Presas no. Cebáronse canto quixeron. E eu quero que me dighan... Hoxe xa poucos viven de cantos fixeron eso, poucos viven. Os fillos si, pero poucos viven. Inda hai, en Cangas inda se poden contar uns cuantos. Eu inda conto uns cuantos. Uns cuantos hai dos que fixeron... e xa son vellos de 80 anos, 80 e tantos. Inda os miro por aí. Pero non creo; hoxe conforme está - hoxe nin antes tampouco - ; non hai unha persona nacida en Cangas que mirara a meus pais - a meu pai, a miña nai - dicir que meu pai era unha mala persona e miña nai era unha mala persona. Eu na miña casa nunca oín malos eghemplos. Jamás. Meu pai foi un bo compañeiro, foi un bo marido,

¹¹ Unhas mozas

foi un bo pai; non creía en nada de curas nin de Dios nin de nada e nunca deu jamás unha blasfemia, nunca na vida! Nunca jamás! E sen embargo noutras casas que eran creyentes... Nunca nos deu malos eghemplos! Nunca quería máis ca educación e respecto, nunca... eu non sei.... (chora). E miña nai, tamén, a pobre...

P.- Viviron moitos anos seus pais, non?

LRB.- Miña nai morreu no ano 47 e meu pai... Miña nai morreu de 57 anos e meu pai morreu de 97 cumpridos.

0:47:50

P.- Que outra xente aparte dos Moldes había metida na Falange?

LRB.- Había moitos, había un que inda vive, anda por aí, ese tal Gil. Quedou viudo e meteuse cunha fulana – a muller deixouno cun capital bo - ; meteuse cunha fulana, casouse con ela, e vivían xuntos tiñan un piso subindo po cimenterio; esa casa bonita que fixeron, á dereita. Pois compraron ese piso. El deixouna, abandonouna e vai ela ghringoulle o piso e ghringoulle o coche. E tenlle que dar 50.000 pesetas cada mes. Ela gana 150 (...). Ten 87 anos ha ter agora.

P.- E el que fixo? Andaba de falaxista?

LRB.- Non tiña onde caerse morto. Vivía en casa de alquiler. El mataba, peghaba, andaba atrás dos presos... E unha vez andou atrás dun que andaba escapado, que estaba en Coiro – nunca aparecía, era un dos cabecillas; era pai do que ten ese comercio de zapatos (...) ese comercio que fai esquina subindo a calle de San José; era pai dese - e claro, el estaba nunha casa da aldea, a nai tiña (...) en Cangas, pero el estaba ben porque estaba escondido. E unha noite - eles sabían que estaba en Coiro - e unha noite el e varios falanghistas requisaron un coche e van... Entonces os cans empezaron a ladrar. E cando sentiron xente fora, aí xa desconfiou, saliu da casa e encaramouse nunha camelleira¹² alta que teñen, nun camelio deses vellos; encaramouse, encaramouse... e intentaban preguntar e “Que va! Ca! No está aquí hombre... “. Porque ti non podías ter un fillo escondido se andaba perseguido, porque che prendían a ti; era (...) ter un fillo escondido. E sabían que estaba naquela casa...

P.- Sabe o nome do que andaba escondido, do que subiu a...?

LRB.- Si. Francisco Cordeiro...

P.- E do outro, do falangista?

LRB.- Modesto Gil non sei qué. Anda por aí aínda. No-hai día que non lle boto un piropo. A ver se anda por aí solo e eu vou paseando coa miña filla e (...) os calleghóns do relleno. E os perros ladrando – porque eles tiñan perro - e el alí aghachadiño. “Pero non aparece o cabrón, estañá alá, estará acá? O día que o collamos... ese n’o mato dun tiro., eh! Ese vai a patada limpa pola carretera abaixo pa Cangas”. E o outro oíndo todo arriba. “A ese se o collemos non vai morrer así dun tiro, eh! A ese a patada limpa. Vai rodando todo pola carretera de Coiro ata Cangas”. E esos aínda están aí. Eu xa lle dixen o outro día: “has de morrer solo como un can”. A filla foi drogadicta, chámase... todo o capital que lle deixou a nai que tiña un capital enorme... todo ese redondel de casas, que todo era dela; a casa da calle Real, aquela ferretería era dela... meteuse na droga (...) dentro dun piso (...). Finita,

¹² Camelia



unha tal Finita. Tiña un tío que era ghefe de Correos. Máis ca ghefe de Correos, traíaa vestida coma unha princesa... Eu lle dixen o outro día: “Has de morrer solo”. O fillo casouse ; ten un fillo casado cunha que é maestra e el ta solo. Ahora está: a muller está nun piso – está nun apartamento (...) dun fillo; a muller quedoulle a casa toda enteira, arreglada, preparada e inda lle ghringou o coche

P.- E a parte dese?

LRB.- Outros, si. Un tal Jesús Barreiro. Chamábase o Corneta. Eran os amighos.

P.- Jesús Barreiro era o que lle chamaban o Corneta?

LRB.- O Corneta, si. Ese tamén foi bo elemento. E outro que lle chamaban Antonio Giráldez, o Bobiño. Antonio Giráldez.

P.- O Bobiño

LRB.- Sí, o Bobiño, si. Antonio Giráldez, sí. E mais o Lastra, ¿conoces o Lastra? Antonio Barreiro...chamábase o Lastra. E despois hubo moitos, hubo... deses vaghos que non tiñan oficio nin beneficio. Un tal Gumersindo “Pan e Porco”, chamábase “Pan e Porco”... A chavalería toda do muelle, da plaza p’alá, eran os da señal; el tiña uns efectos navales.

P.- El quen? Levita?

LRB.- Levita. Xa o tiña o pai. Era un home mui campechano. O Alondras formouno el... o priemeiro Alondras que hubo en Cangas, que tiñan o campo alá en San Roque. Era un home moi campechano, un chaval moi dinámico... era o pai de Lolo, do que ten a fábrica. Xa había sindicato; e claro os mariñeiros: “¿Que? Tí vas á reunión? Si; falamos esto, falamos esto...”

0:54:07

P.- Que sindicato era? Era a CNT?

LRB.- Si, claro, que estaba en Cangas: mariñeiros asciados, atadeirasas, conserveiras; todos asociados ,“vamo á reunión a tal sitio, tal tumba, por aquí, por alá...”. E el comunicábase cos patróns, cos armadores de Cangas. E dispois, cando era un chavalito, conoeu á muller que era filla dun italiano que era vicecónsul de Italia en Vigo, vivía alá en Balea, chamábase Nené; pero era da Falange de Musolini, italiano, carteábase coas camisas negras de Italia e aquí formou a todos cantos falangistas aquí se fixeron, todos se reunían na casa del. Un primo meu se chamaba o Petouto, un cabrón, que foi un cabrón...

P.- O Petouto, eu coñezo polo apodo¹³, como se chamaba?

LRB.- José Graña Rodal. Petouto, ese cabrón que pudo salvar a meu irmán, ese hijo da... Era afillado de meu pai. A nai co meu pai eran primos dúas veces. Son dous irmáns casados con dúas irmáns; teñen o mesmo apelido, Rodal Lanzós como meu pai. Estuveron na mesma casa todos. E el o bandido foi buscar a un chaval que era moi amigo del e dalá e de cando os soltaron me dixo a min - estaba na calle do Príncipe – “Ai diosmío; no, el tamén o han de soltar, tamén ha de salir”; xa estaba el farto de saber onde estaba o meu irmán. Despois disa eu non lle falei máis; pasaron anos, anos. Morreu haberá catro ou cinco anos. Nunca máis lle falei.

¹³ En adelante apodo= alcume



P.- Non sabe se pudo ou non pudo...

LRB.- ¿Como?! Se el era o amo en Cangas. Que era o presidente dos sindicatos en Cangas. Foi un desgraciado todo o tempo, un vago.

P.- Pero o mellor non tiña poder.

LRB.- Tiña poder, bueno!

P.- Que era: amo do sindicato, do vertical?

LRB.- Tiñan un sindicato, dos sindicatos que facía Franco, tiñan ali arriba da casa Carballo, nesa planta; que aí era o Recreo Marítimo dos mariñeiros, e cando entraron estes toda a mueblería, todos os espellos, todo llo levaron de aí... e despois puxeron eles a falage aí.

P.- Bueno. Entón según usted, Manolo Lago...

LRB.- Era un... claro, estaba en favor dos aqueles, e quen máis che dixeron, de quen máis che dixeron?

P.- De Oliveira. De Oliveira pero que intercedeu a favor de moita xente.

LRB.- ¿De que Oliveira?

P.- Do que estaba casado coa de Mau Mau

LRB.- Pero ese estaba da parte roja. Ese collérono pola parte roja. Ese estaba co meu hermano. Ó contrario, cando viu da parte roja n'ó deixaban traballar, n'ó deixaban ir o mar nin a nada, que estuvo unha chea de tempo...

P.- Que era, tamén socialista?

LRB.- No, no-era nada. O pai foi un falangista criminal. El, antes da guerra, despois da República, como era un rapaz desperto...

P.- Entón igual era o pai do que me falaban...

LRB.- No, perdona. Oliveira era fillo dun portugués que era albañil, viu pa Cangas antes da República. El estudiou náutica, e antes da República hubo unhas expedicións xa ao Amazonas, nuns barcos. E foi. E despois meteuse voluntario na Armada. E cando viu a guerra colleuna en Cartagena, como meu irmán. E estuvo en Cartagena; despois, cando terminou viu paquí... N'ó prenderon porque o pai era falangista, pero n'ó deixaron ir traballar, estuvo mui perseguido. Daquela non facían bos informes de nadie. De Oliveira non creo.

0:58:20

P.- E cal era o nome completo?

LRB.- José Oliveira Avendaño.

P.- E de Manolo Lago?

LRB.- Nada. Manolo Lago nada. Manolo Lago era un hipocritón.

P.- O nome completo?



LRB.- Manolo Lago Bastos. Era un hipocritón. Sabía dos mariñeiros, porque os mariñeiros era como o seu irmán, con eles. Estaban alí na tienda del - non era como agora, que hai coches; antes non había coches - os rapaces íban buscarlle a raba p'ó caldeo... Era unha familiaridad. Manolo Lago en Cangas era un ghran rico, porque tiña un... o pai era unha persona que... así moi traficante; traía aceite con abundancia, fariña... Tiña ultramarinos e tiña efectos navales. Que mais che dixeron que...?

P.- O da Groveira, como se chamaba? Un tal...

LRB.- Pero o da Groveira estivo na zona roja tamén. Groveira era Antonio Barreiro Soto, que estivo na zona roja, é da quinta do meu hermano. Casouse en Casablanca cunha chavala e agora viven en Vigo. Antonio Barreiro estivo alá na zona roja casouse na zona roja e agora; tamén prenderon a un hermano. Á nai no-a prenderon. Prenderon a un hermano, co meu irmán tamén estivo preso. E foi a ese a quen foi librar, que viña pola calle do Príncipe abaixo, Petouto, porque eran mui conocidos.

P.- E o irmán ese de Antonio Barreiro, como se chamaba?

LRB.- Chamábase [Catarigo]. O nome n'ó sei que nome tiña... pero morreu no frente, que viu malíño do frente... Ese si que era de izquierdas, el si que era de izquierdas. Foi ó frente e como era así un pouco rebelde, metérono nun batallón de traballadores e viu enfermo e morreu na casa.

P.- Non sei de que bando son cada un; apuntei estes apodos porque non sabía os nomes. A ver, o Peteiro?

LRB.- É ese, o Alejandro, Rodal. Ese cabrón... un facha.

P.- Valentín Pesqueites?

LRB.- Ese! Mimadriña! Ese foi o número un! Ese foi o número un, ese foi o asasino máis grande de Cangas. Ese e máis un hermano.

P.- E o nome completo como é?

LRB. Eran... Valentín Graña ¿Graña que? Non sei o outro apelido. Valentín Graña... non sei o apelido da nai. E dispois outro irmán, Jesús, outro matador, Jesús tamén.

P.- Conociánnos ós dous por ese apodo? Ou solo a el, a Valentín Pesqueites?

LRB.- Pesqueites, porque era Pesqueite o pai. Xa era Pesqueite. Estivo casado con 3 mulleres, con 3 irmáns. Fillas de 3 mulleres. Eran fillos de irmáns todos. Ese si era un bandido. Ese coxo - o Valentín era coxo - era farmacéutico. E meu irmán estaba nunha - antes de ir p'ó servico - estaba nunha farmacia. E ese colleu a farmacia cando a traspasaron (...) ese efectos navales que hai aí xunto a Cagha de Ahorros, aí tiña a farmacia aí. E meu irmán había estar co boticario ese daí e dispois pa Santiago co mesmo señor. E mentres non viña para (...) el tiña moita cabeza, meu irmán enseñáballe - daquela todo se compoñía; xarabes, cousas e tal.

1:02:09 Remata abruptamente.